

1 Conexión á base de datos

Unha vez que temos creada a base de datos no noso servidor, o seguinte paso é conectarnos á mesma desde unha páxina PHP.

Para iso PHP proporcionáanos unha serie de instrucións para acceder a bases de datos MySQL.

Para poder conectarnos á base de datos necesitamos saber os seguintes datos:

- **Servidor de bases de datos**
- **Usuario** (ver no panel de control do ISPConfig)
- **Contrasinal** (ver no panel de control do ISPConfig)
- **Nome da Base de datos á que nos conectaremos** (ver no panel de control do ISPConfig)

Todos estes datos podémolos obter do panel de control do ISPConfig <https://www.hospedaxe.local:81>.

```
<html>
<head>
  <title>Exemplo de PHP</title>
</head>
<body>
<?php
//creamos a conexión ó servidor de mysql.
// O procedemento die(), para a execución da páxina devolvendo
// a mensaxe que queiramos; neste caso devolverá
// o derradeiro erro que nos dá o servidor de mysql.
$conexion=mysql_connect("localhost","usuario","Password")
  or die(mysql_error());

// Seleccionamos a base de datos na conexión que temos feita
// co servidor anterior.

$dbd_seleccionada = mysql_select_db("base_datos",$conexion);
if ($dbd_seleccionada)
{
  echo "Conexión coa base de datos conseguida.<br>";
}
// Pechamos a conexión.
mysql_close($conexion);
?>
</body>
</html>
```

Instrucións empregadas: [mysql_connect\(\)](#), [mysql_select_db\(\)](#), [mysql_close\(\)](#)

Ao executar a instrución **mysql_connect** creamos un vínculo entre a base de datos e a páxina PHP, este vínculo será usado posteriormente nas consultas que fagamos á base de datos.

Finalmente, unha vez que terminamos de usar o vínculo coa base de datos, liberarémolo coa instrución **mysql_close** para que a conexión non quede ocupada.

--Rafael Veiga 17:29 10 feb 2009 (GMT)